

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 13.07.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de xullo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 10935 (10/CPC-000024)
Do director xeral da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia, por iniciativa do G. P. de En Marea e do G.P. do BNG, para que dea conta das súas actuacións en referencia a intervencións urbanísticas no Concello de Boborás nas que tivo, ou ten, intervención directa

Punto 2. Preguntas

- 2.1 460 (10/POC-001946)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do estado de conservación e mantemento no que se atopa a enseada dos Pasales, no linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo
- 2.2 461 (10/POC-001947)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego referida ao estado de conservación e mantemento no que se atopa, así como a potencialidade medioambiental, turística e de lecer da enseada dos Pasales, no linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, a data de recepción e as actuacións levadas a cabo en relación co acordo do Concello de Meaño ao respecto, así como as previstas para mellorar a súa situación
- 2.3 1475 (10/POC-001919)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da eficacia da política seguida nos oito últimos anos en materia de depuración e saneamento
- 2.4 1481 (10/POC-001920)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado medioambiental das rías galegas

- 2.5 1558 (10/POC-001921)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a carencia, polo emisario submarino instalado na ría de Pontevedra, da preceptiva concesión administrativa previa para a ocupación do dominio público-terrestre e as previsións do Goberno galego ao respecto ante a construción dun novo emisario
- 2.6 1824 (10/POC-001948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para reverter os efectos, na poboación galega de emigrantes retornados, do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións
- 2.7 2969 (10/POC-000463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a carencia, polo emisario submarino instalado na ría de Pontevedra, da preceptiva concesión administrativa previa para a ocupación do dominio público-terrestre e as previsións do Goberno galego ao respecto ante a construción dun novo emisario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017
- 2.8 4048 (10/POC-001922)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar os efectos negativos da seca
- 2.9 4132 (10/POC-001923)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as obras de emerxencia realizadas para a reparación dos danos provocados polos lumes do mes de agosto do ano pasado nas concas dos ríos Ribadil, Deva, Lamas e Termes, nos concellos de Crecente, Arbo e As Neves
- 2.10 4398 (10/POC-001951)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre as medidas que está a adoptar e as previstas pola Xunta de Galicia en relación cos índices de contaminación que presenta a auga do río Liñares

no contorno da estación depuradora de augas residuais de Aguións, no concello da Estrada, así como os problemas ambientais e para a saúde que xeran

- 2.11 4743 (10/POC-002068)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as intencións do Goberno galego respecto do remate da construción dun centro de interpretación dos parques naturais de Galicia en Ourense, os investimentos levados a cabo ata a paralización das obras e as súas previsións en relación coa modificación do proxecto para construír un muro de contención no perímetro do edificio, así como a data de reinicio das obras
- 2.12 4804 (10/POC-001924)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre os datos referidos aos encontros, foros, seminarios ou charlas relativas ás reservas da biosfera de Galicia promovidas polo Goberno galego, os proxectos promocionados de cada unha delas e as reunións conxuntas dos seus órganos de xestión convocados, así como a súa opinión respecto da necesidade dun compromiso económico da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o desenvolvemento de proxectos e actuacións en común
- 2.13 4893 (10/POC-001925)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as razóns do recorte que presentan para o ano 2017 os recursos económicos previstos para o financiamento do orzamento de explotación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, as cantidades recadadas ata decembro de 2016 coa aplicación do "canon da auga" e "coeficiente de vertedura" introducidos na Lei 9/2010, de augas de Galicia, e no seu regulamento, así como o seu destino e as previsións do Goberno galego respecto da súa derogación
- 2.14 5121 (10/POC-001926)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do remate da elaboración e contido do Plan reitor do uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
- 2.15 5129 (10/POC-001867)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o contido das alegacións presentadas ao Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña, a posición da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao respecto e o calendario previsto para a aprobación definitiva e implantación do Plan de transporte metropolitano da Coruña, así como os investimentos necesarios e a súa programación orzamentaria

- 2.16 5319 (10/POC-001933)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación de pasos inferiores e accesos nos cruzamentos do Camiño de Santiago coa estrada N-547 en diversos concellos da Coruña e Lugo, os prazos establecidos para a súa construción e as previsións ao respecto
- 2.17 6544 (10/POC-001927)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do lugar que ocupa España en relación co resto dos países da Unión Europea no referido aos ingresos pola fiscalidade ambiental, os datos relativos á recadación acadada polo Goberno galego dende o ano 2009 pola aplicación dos impostos ambientais e o seu encaixe na anunciada Estratexia galega de loita contra o cambio climático
- 2.18 7027 (10/POC-001974)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego en relación coa situación na que se atopan as beirarrúas da estrada PO-551 ao seu paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo comprendido entre Caiagua e a Porta do Sol, na parroquia de Domaio, así como as súas previsións respecto da execución, no ano 2017, das obras de mellora da seguridade viaria necesarias nela
- 2.19 9281 (10/POC-001606)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de cambiar o nivel de produción de emisións industriais contaminantes en Galicia e as súas previsións respecto do incremento do gravame do imposto de contaminación atmosférica, o impulso dun plan específico de diminución progresiva da contaminación nas grandes cidades e a posta en práctica das directrices da OMS para partículas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

Punto 3. Proposición non de lei

- 3.1 9561 (10/PNC-001000)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego, no marco da Comisión de
seguimento das obras de ampliación da ponte de Rande, do respecto das
condicións laborais e salariais do persoal que está a traballar nelas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10935(10/CPC-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do director xeral da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia, por parte do G. P. de En Marea e do G.P. do BNG, para que dea conta das súas actuacións en referencia a intervencións urbanísticas no Concello de Boborás nas que tivo, ou ten, intervención directa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2017 13:11
Nº Rexistro: 10935
Data envío: 23/06/2017 13:11:10.911

Á MESA DO PARLAMENTO

Os Grupos Parlamentares de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Comisión do Director Xeral da APLU, Axencia de Protección da Legalidade Urbanística** de Galicia, para que de conta das súas actuacións en referencia a intervencións urbanísticas no Concello de Boborás nas que tivo, ou ten, intervención directa.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Ana Belén Pontón Mondelo

Voceira do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/06/2017 12:57:00

Luis Villares Naveira na data 23/06/2017 13:10:13

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 460(10/POC-001946)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do estado de
conservación e mantemento no que se atopa a enseada dos
Pasales, no linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2016 10:11
Nº Rexistro: 460
Data envío: 25/10/2016 10:11:37.875



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia é a encargada de conservar os espazos naturais da nosa terra, e dentro deles se remarcán de maneira destacada aqueles que, sinaladamente, teñen un valor recoñecido. Asociado á aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, establecéronse as Zonas Especiais de Conservación (ZEC; ano 2014) en seguimento das directrices europeas e a implantación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC; ano 2004), que destacaban unha serie de espazos naturais de relevancia na Comunidade Autónoma.

O lugar da enseada de Os Pasales, que conxuga o linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, forma parte da ZEC Complexo Ons-Grove (ES1140004). O contorno natural presenta unha ausencia de coidado notorio, acumulando suciedade na contorna pegada á terra que evidencia a falta de limpeza e atención necesaria. Este espazo presenta, ademais, puntos de vertido incontrolado ao mar, que propagan malos olores e mortalidade de peixes.

En outubro de 2015 o Grupo Municipal Socialista de Meaño presentou unha moción ao Pleno Municipal denunciando a situación e solicitando a limpeza do lugar. A moción foi aprobada pola unanimidade do Pleno, mais non houbo avances ao respecto no estado do lugar dende aquela.

O contorno dos Pasales conta coa presenza, aos dous lados da enseada, de dúas telleiras con un interesante valor patrimonial, o que podería redundar nun espazo de alto valor medioambiental e patrimonial, coa repercusión relevante que pode ter a efectos turísticos, culturais e de lecer.

 Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas que asinan
formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno.

Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de conservación e
coidado da enseada dos Pasales?

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2016.

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2016 10:10:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2016 10:10:27

María Luisa Pierres López na data 25/10/2016 10:10:31

Raúl Fernández Fernández na data 25/10/2016 10:10:37

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 461(10/POC-001947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida ao estado de conservación e mantemento no que se atopa, así como a potencialidade medioambiental, turística e de lecer da enseada dos Pasales, no linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, a data de recepción e as actuacións levadas a cabo en relación co acordo do Concello de Meaño ao respecto, así como as previstas para mellorar a súa situación



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2016 10:12
Nº Rexistro: 461
Data envío: 25/10/2016 10:12:03.625



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia é a encargada de conservar os espazos naturais da nosa terra, e dentro deles se remarcán de maneira destacada aqueles que, sinaladamente, teñen un valor recoñecido. Asociado á aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, establecéronse as Zonas Especiais de Conservación (ZEC; ano 2014) en seguimento das directrices europeas e a implantación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC; ano 2004), que destacaban unha serie de espazos naturais de relevancia na Comunidade Autónoma.

O lugar da enseada de Os Pasales, que conxuga o linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, forma parte da ZEC Complexo Ons-Grove (ES1140004). O contorno natural presenta unha ausencia de coidado notorio, acumulando suciedade na contorna pegada á terra que evidencia a falta de limpeza e atención necesaria. Este espazo presenta, ademais, puntos de vertido incontrolado ao mar, que propagan malos olores e mortalidade de peixes.

En outubro de 2015 o Grupo Municipal Socialista de Meaño presentou unha moción ao Pleno Municipal denunciando a situación e solicitando a limpeza do lugar. A moción foi aprobada pola unanimidade do Pleno, mais non houbo avances ao respecto no estado do lugar dende aquela.

O contorno dos Pasales conta coa presenza, aos dous lados da enseada, de dúas telleiras con un interesante valor patrimonial, o que podería redundar nun espazo de alto valor medioambiental e patrimonial, coa repercusión relevante que pode ter a efectos turísticos, culturais e de lecer.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2016 10:12
Nº Rexistro: 461
Data envío: 25/10/2016 10:12:03.625



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

- 1.^a) Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales?
- 2.^a) Cando foi recibida a moción aprobada no Pleno do Concello de Meaño?
- 3.^a) Que acción se puxeron en marcha con respecto a dita moción?
- 4.^a) Que consideración lle merece a Xunta de Galicia a potencialidade medioambiental, turística e de lecer do contorno de Os Pasales?
- 5.^a) Ten previsto realizar a consellería algunha acción destinada a mellorar a situación do lugar?, cal e cando pretende iniciala?

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2016.

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2016 10:09:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2016 10:09:18

María Luisa Pierres López na data 25/10/2016 10:09:24

Raúl Fernández Fernández na data 25/10/2016 10:09:32

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 1475(10/POC-001919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da eficacia da
política seguida nos oito últimos anos en materia de
depuración e saneamento



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 12:52
Nº Rexistro: 1475
Data envío: 22/11/2016 12:52:40.831



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas.

A ría de Pontevedra está contaminada e con toxinas que fan que estea pechada grande parte do ano. Na ría de Arousa, a produción ten caído en picado, o berberecho morre dende hai máis de 2 anos por un parásito foráneo que está a afectar tamén á ameixa e a marea roxa e a toxina teñen estrangulado aos produtores de mexillón. Na ría de O Burgo, os lodos chegan a uns 2 metros de profundidade e moitas veces se pecha a ría ao marisqueo. Na ría de Noia e Ribeira, non se coñece se o emisario de Touro para o saneamento das augas residuais urbanas se fixo de acordo ao proxecto e, dende 2007, hai fugas e vertidos de augas residuais, sen ningún tipo de explicación por parte do Concello de Ribeira, de Augas de Galicia ou da Consellería de Medio Ambiente (e así consta na denuncia da Fiscalía Provincial de A Coruña, de marzo de 2012).

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

E non sucedía por primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Nestes últimos días, a Comisión Europea ten pedido ao Tribunal de Xustiza da UE unha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Considera o Goberno galego que, nestes últimos 8 anos, ten sido eficaz a súa política en materia de depuración?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2016 11:29:24

Raúl Fernández Fernández na data 22/11/2016 11:29:31

María Luisa Pierres López na data 22/11/2016 11:29:38

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 1481(10/POC-001920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado
medioambiental das rías galegas



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 12:54
Nº Rexistro: 1481
Data envío: 22/11/2016 12:54:36.973



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento Europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas.

A ría de Pontevedra está contaminada e con toxinas que fan que estea pechada grande parte do ano. Na ría de Arousa, a produción ten caído en picado, o berberecho morre dende hai mais de 2 anos por un parásito foráneo que está a afectar tamén á ameixa e a marea roxa e a toxina teñen estrangulado aos produtores de mexillón. Na ría de O Burgo, os lodos chegan a uns 2 metros de profundidade e moitas veces se pecha a ría ao marisqueo. Na ría de Noia e Ribeira, non se coñece se o emisario de Touro para o saneamento das augas residuais urbanas se fixo de acordo ao proxecto e, dende 2007, hai fugas e vertidos de augas residuais, sen ningún tipo de explicación por parte do Concello de Ribeira, de Augas de Galicia ou da Consellería de Medio Ambiente (e así consta na denuncia da Fiscalía Provincial de A Coruña, de marzo de 2012).

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. E non sucedía por primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Nestes últimos días, a Comisión Europea ten pedido ao Tribunal de Xustiza da UE unha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno do estado medioambiental das rías galegas?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2016 11:42:39

Raúl Fernández Fernández na data 22/11/2016 11:42:45

María Luisa Pierres López na data 22/11/2016 11:42:52

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 1558(10/POC-001921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a carencia, polo emisario submarino instalado na ría de Pontevedra, da preceptiva concesión administrativa previa para a ocupación do dominio público-terrestre e as previsións do Goberno galego ao respecto ante d construción dun novo emisario



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2016 18:29
Nº Rexistro: 1558
Data envío: 23/11/2016 18:29:14.490



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para súa resposta **por escrito**.

Por resolución de Augas de Galicia, do 20 de setembro de 2002, foille concedida a Ence autorización de vertidos a través dun emisario submarino. Ocorre que este emisario submarino carece de permiso de concesión para a ocupación do dominio público, segundo consta en informes emitidos polo *Servicio Provincial* e a *Dirección General de Costas del Estado*. Con posterioridade, en data 9 de xullo de 2003, esta autorización foi renovada pola Xunta de Galicia, a pesares da súa manifesta irregularidade.

O propio informe sobre o proxecto de emisario submarino para a marxe esquerda da ría de Pontevedra, do 19 de novembro de 1991 -en concreto, nas súas páxinas 1 e 2- establecera expresamente o seguinte: *“Previamente a la autorización de vertido por esa Comunidad Autónoma (la cual deberá ser notificada a este Ministerio en aplicación del artículo 209.2 del Reglamento de Costas), deberá ser otorgada por este Ministerio de Obras Públicas y Transportes la correspondiente concesión de ocupación del dominio público marítimo terrestre (...)”*

Polo tanto, deste informe é posible deducir, como feitos indiscutibles:

1. Que o emisario submarino necesita previa concesión administrativa para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.
2. Que non a ten.
3. Que a autorización de vertidos non se pode outorgar mentres non exista esa concesión administrativa previa e preceptiva.

Non obstante, segundo verbas da propia conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a prioridade do seu departamento é a construción

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

dun novo emisario submarino na ría de Pontevedra, cunhas actuacións que comezarían de inmediato (segundo dixo), aínda que parece que só hai (de momento) un deseño.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende o Goberno galego que calquera emisario submarino necesita concesión administrativa previa para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre?
2. Que ten que dicir o Goberno galego ao feito de que o emisario submarino instalado na ría de Pontevedra (que derivará vertidos) carece de permiso de concesión para a ocupación do dominio público?
3. Entende o Goberno galego que calquera autorización de vertidos non se pode outorgar mentres non exista esa concesión administrativa previa e preceptiva?
4. Unha nova construción dun novo emisario submarino na ría de Pontevedra ten ou terá previa concesión administrativa para a ocupación do dominio público marítimo - terrestre?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/11/2016 18:27:42

Raúl Fernández Fernández na data 23/11/2016 18:27:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2016 18:29
Nº Rexistro: 1558
Data envío: 23/11/2016 18:29:14.490



 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 23/11/2016 18:27:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 1824(10/POC-001948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para reverter os efectos, na poboación galega de emigrantes retornados, do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 12:20
Nº Rexistro: 1824
Data envío: 30/11/2016 12:20:32.127



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os emigrantes retornados son un colectivo que vén presentando moitas reivindicacións nos últimos anos relacionadas, principalmente, co tratamento recibido por parte do Ministerio de Facenda do Goberno de España e a reclamación desproporcionada de tributación. Ademais de estas problemáticas, este colectivo vese afectado tamén polo tratamento recibido en outros eidos dos servizos públicos, como pode ser o acceso a residencias no caso das persoas de maior idade necesitadas, ou a tramitación de axudas vinculadas á Lei de dependencia.

Un problema engadido para este colectivo supón o acceso ao sistema de saúde público. A Lei 14/1986, General de Sanidad consagrou un sistema de saúde público e universal. A modificación do Real decreto 16/2012 promovido de urxencia evitando o debate parlamentario baixo a argumentación da situación de crise económica, modificou de maneira profunda esa concepción apoiándose nas ideas de “asegurado” e “beneficiario” do sistema de saúde. A figura de “asegurado”, consagrada no devandito decreto, confronta coa idea de sanidade universal e, neste caso, ten como prexudicados aos emigrantes retornados (entre outros colectivos como os inmigrantes, que son máis duramente castigados polo decreto polo feito de selo).

A Xunta de Galicia desenvolveu, ante a situación de presión social, un Programa galego de protección social da saúde pública, pretendendo amosar a imaxe de tentar solapar as carencias provocadas no sistema. En primeiro lugar, a elaboración deste programa amosa o recoñecemento implícito dun problema de desasistencia provocado polo Real decreto 16/2012. Ademais este programa, lonxe de cubrir os problemas que o decreto xerou, presenta problemas na súa formulación. A formulación do programa se orienta a situacións moi específicas, de condicións difíciles a nivel socioeconómico e con requisitos de acceso que implican o



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

empadramento previo durante 6 meses, non sendo un programa que dea saída aos problemas relacionados cos emigrantes retornados.

A pesares de todo isto, seguen a existir problemas de acceso á sanidade por parte de emigrantes retornados, que continúan a destapar problemas asistenciais e as reclamacións de cobro que o Sergas está a facer para garantir o seu dereito asistencial, fundamentalmente baseados no feito de non ter un traballo polo que estar cotizando á Seguridade Social. Este colectivo atópase, por tanto, nunha situación de indefensión a efectos de atención sanitaria, pois moitos deles non están sendo atendidos por non poder cubrir o criterio de ser “asegurados”.

Este escenario constitúe unha situación de indefensión ante sanidade pública, e un incumprimento do principio de universalidade do sistema.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia realizar algún tipo de acción para reverter o efecto do Real decreto 16/2012, do 20 de abril, sobre a poboación galega de emigrantes retornados?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/11/2016 11:34:47

Noela Blanco Rodríguez na data 30/11/2016 11:34:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/11/2016 11:34:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 12:20
Nº Rexistro: 1824
Data envío: 30/11/2016 12:20:32.127



 **Grupo Parlamentario**

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/11/2016 11:35:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/11/2016 11:35:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 2969(10/POC-000463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a carencia, polo emisario submarino instalado na ría de Pontevedra, da preceptiva concesión administrativa previa para a ocupación do dominio público-terrestre e as previsións do Goberno galego ao respecto ante a construción dun novo emisario

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2969
Data envío: 04/01/2017 14:13:36.061



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Por resolución de Augas de Galicia, do 20 de setembro de 2002, foille concedida a Ence autorización de vertidos a través dun emisario submarino. Ocorre que este emisario submarino carece de permiso de concesión para a ocupación do dominio público, segundo consta en informes emitidos polo *Servicio Provincial* e a *Dirección General de Costas del Estado*. Con posterioridade, en data 9 de xullo de 2003, esta autorización foi renovada pola Xunta de Galicia, a pesares da súa manifesta irregularidade.

O propio informe sobre o proxecto de emisario submarino para a marxe esquerda da ría de Pontevedra, do 19 de novembro de 1991 -en concreto, nas súas páxinas 1 e 2- establecera expresamente o seguinte: *“Previamente a la autorización de vertido por esa Comunidad Autónoma (la cual deberá ser notificada a este Ministerio en aplicación del artículo 209.2 del Reglamento de Costas), deberá ser otorgada por este Ministerio de Obras Públicas y Transportes la correspondiente concesión de ocupación del dominio público marítimo terrestre (...)”*

Polo tanto, deste informe é posible deducir, como feitos indiscutibles:

1. Que o emisario submarino necesita previa concesión administrativa para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.
2. Que non a ten.
3. Que a autorización de vertidos non se pode outorgar mentres non exista esa concesión administrativa previa e preceptiva.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non obstante, segundo verbas da propia conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a prioridade do seu departamento é a construción dun novo emisario submarino na ría de Pontevedra, cunhas actuacións que comezarían de inmediato (segundo dixo), aínda que parece que só hai (de momento) un deseño.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que calquera emisario submarino necesita concesión administrativa previa para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre?
2. Que ten que dicir o Goberno galego ao feito de que o emisario submarino instalado na ría de Pontevedra (que derivará vertidos) carece de permiso de concesión para a ocupación do dominio público?
3. Entende o Goberno galego que calquera autorización de vertidos non se pode outorgar mentres non exista esa concesión administrativa previa e preceptiva?
4. Unha nova construción dun novo emisario submarino na ría de Pontevedra ten ou terá previa concesión administrativa para a ocupación do dominio público marítimo - terrestre?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/01/2017 13:40:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 2969
Data envío: 04/01/2017 14:13:36.061



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 04/01/2017 13:41:06

María Luisa Pierres López na data 04/01/2017 13:41:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.8 4048(10/POC-001922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar
os efectos negativos da seca



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4048
Data envío: 24/01/2017 19:23:39.116



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No encoro de Portodemouros, en Agolada, alguén puxo uns caraveis no carballo que alí segue prendido dende que no ano 1967 se anegara o pobo; din os veciños e veciñas que ese carballo foi escenario de varios sucesos funestos. Esta é unha máis das consecuencias da seca que está a sufrir Galicia dende mediados do pasado ano 2016. Os encoros teñen os niveis máis baixos do habitual nesta época e as previsións meteorolóxicas non son moi boas. As dúas demarcacións hidrográficas (Galicia-Costa e Miño-Sil) están en prealerta, cos encoros a unha media do 45 % da súa capacidade, estado de prealerta que se debe activar cando os indicadores descenden significativamente por baixo dos valores medios históricos, polo que é conveniente extremar o control.

E iso que dende agosto de 2013, Galicia ten un Plan de seca para a demarcación Hidrográfica Galicia-Costa que ten por obxecto minimizar os efectos negativos (ambientais, económicos e sociais) que xorden polos episodios de seca. Agora, polo visto, o Goberno galego considera prioritario paliar os efectos das secas nos sectores máis vulnerables: industrial e agrogandeiro, que xuntos representan aproximadamente o 85 % da demanda de auga doce da conca.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está preocupado o Goberno galego polo feito de que as dúas demarcacións hidrográficas da Comunidade (Galicia-Costa e Miño-

- Sil) estean cos encoros a unha media do 45 % da súa capacidade, en mínimos históricos?
2. Que medidas de control está a levar a cabo o Goberno galego?
 3. Que actuacións está a levar a cabo o Goberno galego para evitar o desabastecemento da poboación galega?
 4. Preocúpalle ao Goberno galego que continúe a seca cando comecen a chegar os primeiros turistas?
 5. Que medidas está a establecer o Goberno galego para minimizar os efectos negativos da seca?
 6. Está a avaliar o Goberno galego as posibles repercusións de eventos extremos?
 7. Ten o Goberno galego activado un protocolo de actuación e coordinación entre todos os axentes con competencias?
 8. Considera o Goberno galego suficiente o orzamento do Plan de seca?
 9. Ten instado o Goberno galego ao Goberno do Estado a activación de medidas contra a seca para a demarcación hidrográfica Miño-Sil?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2017 19:21:49

Raúl Fernández Fernández na data 24/01/2017 19:21:57

María Luisa Pierres López na data 24/01/2017 19:22:02

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.9 4132(10/POC-001923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as obras de emerxencia realizadas para a reparación dos danos provocados polos lumes do mes de agosto do ano pasado nas concas dos ríos Ribadil, Deva, Lamas e Termes, nos concellos de Crecente, Arbo e As Neves



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:42
Nº Rexistro: 4132
Data envío: 26/01/2017 17:42:54.398



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A comezos de novembro, o Consello de Ministros do Goberno do Estado autorizou obras de emerxencia para a reparación dos danos provocados polos lumes do mes de agosto do ano pasado nas concas dos ríos Ribadil, Deva, Lamas e Termes, nos concellos de Crecente, Arbo e As Neves (Pontevedra), por un importe máximo de 275.000 euros.

Cos lumes de agosto, parte da vexetación queimada caeu sobre as canles fluviais, provocando a formación de tapóns.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.Cales foron os resultados das obras de emerxencia que fixo o Estado para a reparación dos danos provocados polos lumes do mes de agosto do pasado ano nas concas dos ríos Ribadil, Deva, Lamas e Termes, nos concellos de Crecente, Arbo e As Neves?
- 2.Ten feito o Goberno galego obras de emerxencia para a reparación dos danos provocados polos lumes do mes de agosto do pasado ano nas concas dos ríos de Galicia?
- 3.Se a resposta anterior fose positiva, cales foron os resultados?
- 4.Como vai solucionar o Goberno galego que a vexetación queimada teña caído sobre as canles fluviais de Galicia, provocando a formación de tapóns?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:42
Nº Rexistro: 4132
Data envío: 26/01/2017 17:42:54.398



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/01/2017 17:35:22

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2017 17:35:32

María Luisa Pierres López na data 26/01/2017 17:35:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.10 4398(10/POC-001951)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as medidas que está a adoptar e as previstas pola Xunta de Galicia en relación cos índices de contaminación que presenta a auga do río Liñares no contorno da estación depuradora de augas residuais de Aguións, no concello da Estrada, así como os problemas ambientais e para a saúde que xeran



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 18:03
Nº Rexistro: 4398
Data envío: 01/02/2017 18:03:58.838



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Edar de Aguións, no concello de A Estrada, supón dende hai tempo un motivo de preocupación para os habitantes deste concello, pois estanse detectando de maneira continuada vertidos de fecais que se poden observar na minicentral de Barbude.

En recentes datas foron publicados resultados de análises químicos das augas, realizados en lugares anteriores (Ponte Nogueira) e posteriores ao paso da auga pola Edar (incorporación das augas ao río Liñares). Os resultados veñen de amosar un nivel de potabilidade que non entra dentro do nivel B, amosando índices de amonio de 19,9 miligramos/litro, o que multiplica por 150 os valores atopados nas augas anteriores á depuradora e por 30 os valores para aceptar dito nivel B de potabilidade. Cabe lembrar que o amonio fórmase pola descomposición da urea de ouriños. Esas propias mostras presentaron elevadísimas cantidades de colonias de coliformes, o que conleva a presenza de E Coli e estreptococos no auga que a fan perigosa para o uso.

O río Liñares, do que foron tomadas estas mostras, verte as súas augas ao Ulla, que rega o concello de A Estrada e a toda a comarca. As e os veciños apuntan a súa inquietude, e demandan medidas para evitar que a contaminación se espalle máis. Os problemas derivados de contaminación teñen un evidente efecto medioambiental e poden danar os cotos de salmón do propio río Ulla.

A pesares destas evidencias, que as e os veciños veñen alertando hai tempo, o Concello de A Estrada sostén que a calidade das augas é aceptable e nega a existencia do problema na Edar de Aguións.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia ante os datos de contaminación da Edar e o grave problema medioambiental e de saúde que conlevan?
2. Ten coñecemento a Xunta de Galicia do nivel de contaminación da Edar de Aguións?
3. Ten previsto Augas de Galicia intervir para solucionar o problema? Contempla Augas de Galicia a necesidade de intervir na situación da Edar de Aguións?
4. Existiu algún contacto por parte do Concello de A Estrada coa Xunta de Galicia acerca da situación da Edar de Aguións, a calidade das augas e os niveles de contaminación?
5. Considera a Xunta de Galicia unha necesidade urxente a intervención na Edar para poder garantir un correcto funcionamento e depuración das augas?
6. Que valoración lle merece á Xunta de Galicia que o Concello de A Estrada manifeste que non existe ningún problema coa Edar de Aguións a pesares das evidencias de contaminación das augas?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 18:02:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2017 18:02:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 18:03
Nº Rexistro: 4398
Data envío: 01/02/2017 18:03:58.838



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 01/02/2017 18:02:34

María Luisa Pierres López na data 01/02/2017 18:02:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.11 4743(10/POC-002068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do remate da construción dun centro de interpretación dos parques naturais de Galicia en Ourense, os investimentos levados a cabo ata a paralización das obras e as súas previsións en relación coa modificación do proxecto para construír un muro de contención no perímetro do edificio, así como a data de reinicio das obras



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 12:52
Nº Rexistro: 4743
Data envío: 08/02/2017 12:52:43.653



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, radicado en Ourense, púxose en marcha a través dun convenio, asinado no ano 2008, subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. No ano 2010 comezaban as obras.

Este centro, proxectado cunha superficie de 3.000 metros cadrados, finánciase ao 100 % cunha achega total de 7.330.000 € do Programa operativo FEDER 2007-2013, que teñen coma beneficiarios ao Ministerio de Agricultura, Alimentación, e Medio Ambiente (6.730.000 €), e á Xunta de Galicia (600.000 €). O obxectivo do mesmo era “*acercar á sociedade a importancia ecolóxica destes espazos naturais e da Rede Natura 2000, mediante unha concienciación medioambiental das implicacións que supoñen estas figuras de protección, empregando para elo como instrumento un Centro de Interpretación dedicado ao coñecemento dos espazos naturais Protexidos y da Rede Natura 2000 de Galicia*”.

En novembro do ano 2011, parálzase as obras poñendo en perigo o financiamento, e o Plan Estratéxico de Termalismo de Ourense, que establece esta ribeira como estratéxica no termalismo de Ourense.

En novembro de 2012 vólvese a subscribir un segundo convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para finalizar o Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, pero na actualidade as obras permanecen paralizadas.

Un informe da Consellería de Medio Ambiente determinaba que o



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

desbloqueo do Centro de Interpretación de Parques Naturais pasaría pola construción dun muro de contención no perímetro do edificio, contemplando esa como única saída para facer viable un proxecto que acumula varios anos de atraso e que se converteu nun espazo a medio construír e cheo de maleza, abocado á súa demolición en caso de non contar con esa protección ao atoparse en zona inundable tras o cambio de lexislación en 2012.

O período de lexibilidade do marco financeiro do Programa Operativo FEDER 2007-2013 no que se incluía este proxecto, de acordo coa regra n+2, concluíu o pasado 31 de decembro de 2015 sen que se rematara a execución das obras do citado Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, e polo tanto sen que se xustificaran os fondos asignados.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Renuncia o Goberno autonómico a que Ourense dispoña dun Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia?
2. Cal foi a inversión que, ata a paralización das obras, fixo o Goberno galego na construción do Centro de Interpretación de Parques Naturais?
3. Recibiu a Xunta de Galicia algunha notificación da Unión Europea acerca dos fondos comunitarios dedicados á construción desta infraestrutura?
4. En caso afirmativo, cal é a valoración que dende a UE se fai do emprego dos fondos comunitarios asignados á construción desta infraestrutura?
5. Ten previsto o Goberno galego modificar o proxecto desta infraestrutura para construír un muro de contención no perímetro do edificio?
6. Mantivo a Xunta de Galicia contactos co Goberno de España e o Concello de Ourense para a redacción do novo proxecto deste centro?
7. En caso afirmativo, cal se decidiu que sexan os usos aos que se dedique esta infraestrutura?

8. Cando está previsto que se renoven as obras do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2017 12:51:20

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2017 12:51:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2017 12:51:31

María Luisa Pierres López na data 08/02/2017 12:51:36

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.12 4804(10/POC-001924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os datos referidos aos encontros, foros, seminarios ou charlas relativas ás reservas da biosfera de Galicia promovidas polo Goberno galego, os proxectos promocionados de cada unha delas e as reunións conxuntas dos seus órganos de xestión convocados, así como a súa opinión respecto da necesidade dun compromiso económico da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o desenvolvemento de proxectos e actuacións en común



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 4804
Data envío: 08/02/2017 19:23:30.329



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Proxecto de decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia atópase publicado no portal de transparencia da Xunta de Galicia.

Vaia por diante que o Grupo Parlamentario Socialista está de acordo coa creación da Rede Galega de Reservas da Biosfera, mais consideramos que o proxecto, tal e como está formulado, non é realmente eficiente.

Así as cousas, o proxecto prevé a creación dun Comité de Coordinación que será un órgano colexiado con sede na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pero non especifica composición, funcións, organización nin funcionamento, que serán obxecto dun regulamento posterior, cando, por exemplo, noutras comunidades autónomas as persoas vogais se especifican xa como os responsables de espazos naturais; desenvolvemento sostible e información ambiental; cambio climático; ordenación do territorio, conservación da natureza, promoción educativa, benestar social e promoción turística; representantes dos municipios situados no territorio ao que se estendan as distintas Reservas da Biosfera así como as persoas xestoras das propias reservas.

Por outra banda, a creación desta rede debería levar aparelado un compromiso económico da propia Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para poder levar a cabo proxectos e accións en común a todas as Reservas da Biosfera galegas, posto que un dos grandes retos aos que se enfrontan é a capacidade e acceso a fontes de financiamento para a posta en marcha e o desenvolvemento dos plans de xestión.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Incluso parece necesario que exista un departamento da propia consellería que asuma a Secretaría Técnica da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, para que preste o apoio administrativo para a execución dos acordos do Comité de Coordinación, así como que cumpra coa función de distribución de información e intercambios entre as reservas.

A preguntas deste grupo parlamentario, o Goberno non dixo nada máis (en resposta escrita de data 26 de xaneiro) que o que pon o propio proxecto e que sería desenvolvido regulamentariamente; incluso que se trata de “institucionalizar encontros que ata o de agora se celebraban en foros, seminarios ou charlas promovidas pola Xunta de Galicia”.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando se celebraron encontros, foros, seminarios ou charlas promovidos pola Xunta de Galicia e relativos ás Reservas da Biosfera de Galicia?
2. Cantos proxectos promocionou o Goberno galego de cada unha das Reservas da Biosfera de Galicia?
3. Cantas veces convocou a Xunta de Galicia reunións conxuntas dos órganos de xestión daquelas?
4. Cre o Goberno galego que a creación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia debería levar aparelado un compromiso económico da propia Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para poder levar a cabo proxectos e accións en común a todas as Reservas da Biosfera galegas?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 4804
Data envío: 08/02/2017 19:23:30.329



 **Grupo Parlamentario**

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2017 19:10:22

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2017 19:10:27

María Luisa Pierres López na data 08/02/2017 19:10:32

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.13 4893(10/POC-001925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns do recorte que presentan para o ano 2017 os recursos económicos previstos para o financiamento do orzamento de explotación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, as cantidades recadadas ata decembro de 2016 coa aplicación do "canon da auga" e "coeficiente de vertedura" introducidos na Lei 9/2010, de augas de Galicia, e no seu regulamento, así como o seu destino e as previsións do Goberno galego respecto da súa derogación



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4893
Data envío: 10/02/2017 14:08:54.054



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A vixente Lei de augas de Galicia, do 4 de novembro de 2010, e o seu Regulamento, do 22 de xuño de 2012, estableceron dous novos tributos: o novo imposto, o chamado “canon da auga” e a nova taxa, a chamada “coeficiente de vertedura”. As dúas normas foron propostas polo Goberno do Sr. Feijóo e aprobadas polo Parlamento de Galicia só cos votos favorables do Grupo Parlamentario Popular.

Estes novos tributos foron de aplicación en moitas cidades galegas dende o mes de outubro de 2012, coincidindo cos períodos de cobro dos recibos de abastecemento dos diferentes concellos. Dunha simple ollada aos recibos resulta evidente o importante incremento do prezo da auga que este grupo parlamentario viña denunciando dende hai tempo no Parlamento de Galicia. O que significa que, nestes tempos de crise, o recibo da auga tense incrementado debido a eses tributos autonómicos impostos polo Goberno do PP.

Segundo se desprende da Memoria dos orzamentos de explotación da consellería, parece que os ingresos que o van financiar proceden, fundamentalmente, dos petos da cidadanía (fundamentalmente, os novos tributos), pero, mentres para 2016 estaban presupostados máis de 99 millóns, para 2017 só están presupostados 57 millóns de euros.

E mentres, en Andalucía o PP pide a derogación do canon da auga absolutamente proporcional que alí se aplica onde, por certo, non existe o coeficiente de vertedura.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É certo que o orzamento de explotación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio se vai financiar, fundamentalmente, dos petos da cidadanía?
2. Cales son os motivos polos que, mentres para 2016 estaban presupostados máis de 99 millóns dos tributos da auga, para 2017 só están presupostados 57 millóns de euros?
3. Cales foron as cantidades recadadas dende a entrada en vigor do canon de saneamento e do coeficiente de vertedura da lexislación de augas (2010 e 2012) ata decembro de 2016?
4. A que investimentos de saneamento e abastecemento foron destinados?
5. Ten intención o Goberno galego de derrogar o coeficiente de vertedura, tal e como pasa en Andalucía?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4893
Data envío: 10/02/2017 14:08:54.054



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/02/2017 14:03:55

Raúl Fernández Fernández na data 10/02/2017 14:04:00

María Luisa Pierres López na data 10/02/2017 14:04:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.14 5121(10/POC-001926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do remate da elaboración e contido do Plan reitor do uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2017 10:21
Nº Rexistro: 5121
Data envío: 14/02/2017 10:21:11.408



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En Galicia, temos un Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas (formado polos arquipélagos de Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes) e seis parques nacionais: Fragas do Eume, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

O Parque Nacional fora declarado así en virtude da Lei 15/2002, do 1 de xullo, que xa facía referencia á obriga de elaborar un plan reitor do parque. Teñen pasado case 15 anos e este plan, principal instrumento de xestión, aínda está en proceso de elaboración. En xullo de 2011, o conselleiro de Medio Rural daquela época dicía que só faltaba o trámite de información pública, pasar polo MAGRAMA, polo Consello Galego de Medio Ambiente, polo informe do Patronato do Parque Nacional e xa estaría listo e se aprobaría antes do remate daquela ano 2011. Teñen pasado máis de 5 anos e o medio mariño (cun valor ecolóxico e unha riqueza biolóxica incalculables), ademais da riqueza do seu medio terrestre, agardan esa eficacia e eficiencia da que sempre nos fala o Goberno galego.

Por outra banda, hai máis ou menos un ano, a Consellería de Medio Ambiente creaba, dentro da dirección Xeral de Conservación da Natureza, dous servizos de parques naturais, un para a zona Norte e outro para a Sur de Galicia.

Nunha das súas comparecencias, a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio apostaba pola conservación dos parques compatible co seu disfrutar, na idea de potenciar que sexan un destino turístico. O Grupo Parlamentario Socialista entende que, máis alá de convertelos en grandes destinos turísticos, o esencial sería o seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus habitantes (onde os haxa), ademais de

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

entender máis axeitado encadralos como epicentro dun plan de Educación ambiental escolar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto o Goberno galego rematar o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia?
2. Vai ser incluído na súa memoria económico - financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario de “Financiamento da Rede Natura 2000”?
3. Ten previsto o Goberno galego establecer compensacións para os propietarios pola perda de dereitos consecuencia da xestión da Rede Natura 2000?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2017 10:09:07

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 10:09:14

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 10:09:20

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.15 5129(10/POC-001867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre o contido das alegacións presentadas ao Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña, a posición da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao respecto e o calendario previsto para a aprobación definitiva e implantación do Plan de transporte metropolitano da Coruña, así como os investimentos necesarios e a súa programación orzamentaria

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Diario Oficial de Galicia núm. 9 do 13 de xaneiro pasado publicouse a Resolución do 2 de xaneiro de 2017, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se somete a información pública o Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña.

Sinala esta resolución que en desenvolvemento da disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda desenvolveu o Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña, que foi sometido a información pública o 7 de xullo de 2016 durante vinte días hábiles, período en que se recibiron as alegacións dos interesados.

Tras analizar as ditas alegacións e oídos os concellos interesados e as empresas contratistas dos servizos de transporte público afectadas, a Dirección Xeral de Mobilidade realizou unha serie de modificacións no plan, polo que considerou necesario volver sometelo a información pública durante un novo prazo de vinte días.

Por iso, e tras máis de sete meses de tramitación e consultas deste Plan por parte da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que resulta estratéxico para o desenvolvemento socio-económico da área metropolitana da Coruña, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas o Goberno galego:

1ª) Cales son as principais cuestións formuladas polo Concello da Coruña e polos concellos da área metropolitana ao Plan proposto pola Consellería?

 Grupo Parlamentario

2ª) Cales son as principais cuestións formuladas polas empresas contratistas dos servizos de transporte público afectadas, nomeadamente pola Compañía de Tranvías da Coruña?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Cal é a posición da Consellería a respecto destas cuestións?

4ª) Que previsión de calendario ten a Consellería para a aprobación definitiva e implantación do Plan de transporte metropolitano da Coruña?

5ª) Cal é a previsión de custos e investimentos que require o Plan, e cal é a programación orzamentaria para a súa implantación?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/02/2017 11:45:03

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2017 11:45:20

María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 11:45:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/02/2017 11:45:41

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.16 5319(10/POC-001933)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación de pasos inferiores e accesos nos cruzamentos do Camiño de Santiago coa estrada N-547 en diversos concellos da Coruña e Lugo, os prazos establecidos para a súa construción e as previsións ao respecto



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 11:26
Nº Rexistro: 5319
Data envío: 17/02/2017 11:26:03.460



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

**Partido dos
Socialistas
de Galicia**

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No pasado 22 de outubro de 2016 presentábase un proxecto para crear pasos inferiores e accesos nos cruces do Camiño de Santiago coa N-547 en concellos das provincias da Coruña e de Lugo, que fora dotado cunha cantidade nos orzamentos do Estado para 2016, pero os accesos e os pasos inferiores seguen sen executarse. Coa construción destas obras os peregrinos cruzarían a estrada N-547 con maior seguridade nas zonas obxecto destas medidas, e nas que xa se teñen producido accidentes mortais por atropelos.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da situación na que se atopan os pasos inferiores e os accesos nos cruces do Camiño de Santiago coa N-547?

2ª) Coñece a Xunta de Galicia os prazos de construción dos pasos inferiores e dos accesos nos cruces do Camiño de Santiago coa N-547, no seu caso, en que prazos está prevista a súa execución?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/02/2017 11:05:29

Raúl Fernández Fernández na data 17/02/2017 11:05:46

María Luisa Pierres López na data 17/02/2017 11:06:03

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.17 6544(10/POC-001927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do lugar que ocupa España en relación co resto dos países da Unión Europea no referido aos ingresos pola fiscalidade ambiental, os datos relativos á recadación acadada polo Goberno galego dende o ano 2009 pola aplicación dos impostos ambientais e o seu encaixe na anunciada Estratexia galega de loita contra o cambio climático



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 10:41
Nº Rexistro: 6544
Data envío: 14/03/2017 10:41:52.721



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A comezos de ano, a Comisión Europea presentaba a análise das políticas medioambientais dos países integrantes da UE e dicía que España é o terceiro país cos ingresos máis baixos por fiscalidade ambiental, despois de Lituania e Eslovaquia (o 1,85 % do PIB en 2014, fronte a 2,46 % de media na UE).

Advirte Bruxelas que o Goberno veu sendo avisado para reformar o seu sistema impositivo dende hai varios anos, cando o certo é que hai unha marxe clara para revisar os impostos medioambientais, principalmente nos sectores do transporte, a enerxía, a contaminación e o uso dos recursos. Mais o Goberno de España non o ten feito e non sabemos cal ten sido o papel do Goberno galego neste asunto.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre que España sexa o terceiro país da UE cos ingresos máis baixos por fiscalidade ambiental, despois de Lituania e Eslovaquia?
2. Que cantidades ten ingresado o Goberno galego dende 2009 por impostos medioambientais?
3. Cales foron as cantidades (desglosadas) ingresadas no sector do transporte, a enerxía, a contaminación e o uso dos recursos?
4. Que porcentaxe ocuparía Galicia neste ámbito, en relación co 2,46 % de media na UE?

 Grupo Parlamentario

5. Como encaixan todos estes datos na anunciada Estratexia galega de loita contra o cambio climático?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2017 10:35:58

Raúl Fernández Fernández na data 14/03/2017 10:36:04

María Luisa Pierres López na data 14/03/2017 10:36:10

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.18 7027(10/POC-001974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego en relación coa situación na que se atopan as beirarrúas da estrada PO-551 ao seu paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo comprendido entre Caiagua e a Porta do Sol, na parroquia de Domaio, así como as súas previsións respecto da execución, no ano 2017, das obras de mellora da seguridade viaria necesarias nela



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:24
Nº Rexistro: 7027
Data envío: 23/03/2017 17:24:06.895



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As estradas da rede primaria e secundaria, en especial as do litoral, son as principais afectadas polo aumento do parque automovilístico. E no caso do concello de Moaña, estas estradas son as peor asistidas, por non dicir desatendidas, polo Plan de mobilidade viaria da Península do Morrazo.

A alta ocupación destas vías nos pasados meses e ata o momento actual, por mor dos cortes intermitentes do corredor do Morrazo durante as obras de desdoblamento, non fixeron máis que agravar as problemáticas destas vías.

Na PO-551, no seu tramo por Moaña, son múltiples os problemas de seguridade viaria e accesibilidade da mesma. Son tamén continuos os problemas de afundimentos nas beirarrúas, mal estado do firme nalgúns tramos do vial e desprendementos en zonas de taludes.

O mal estado da beirarrúa por roturas constantes nas baldosas se concentra no tramo entre Caiagua e a Porta do Sol, na parroquia de Domaio. Neste lugar é necesaria a adaptación urxente da parada de autobús para persoas con mobilidade reducida. É norma habitual que o autobús teña que parar en lugar previo e non habilitado para favorecer que as persoas en cadeira de rodas poidan baixar do autobús, xa que a altura da parada impide facelo fisicamente e coa seguridade que sería desexable, xa que os usuarios con discapacidade véñense obrigados logo a transitar pola propia estrada.

É tamén precisa unha zona de tránsito peonil na recta da Borna por ser o único tramo da PO-551 que carece de beirarrúas, o que obriga aos veciños e veciñas a transitar polo beiravía da estrada.

 Grupo Parlamentario

E de xeito xeral faise necesaria a adaptación urxente dos pasos entre beirarrúas, posto que a día de hoxe incumpren coa normativa de accesibilidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece o Goberno galego a situación deficitaria das beirarrúas da estrada PO-551, no seu paso por Moaña, e principalmente no tramo entre Caiagua e a Porta do Sol , na parroquia de Domaio?
2. Considera que esta estrada está preparada para dar un correcto servizo aos peóns e persoas usuarias de mobilidade reducida?
3. Ten pensado acometer as obras necesarias de mellora da seguridade vial e de accesibilidade nesta estrada (no seu tramo de competencia autonómica) durante o ano 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:24
Nº Rexistro: 7027
Data envío: 23/03/2017 17:24:06.895



 **Grupo Parlamentario**

María Luisa Pierres López na data 23/03/2017 17:22:24

Raúl Fernández Fernández na data 23/03/2017 17:22:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 17:22:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.19 9281(10/POC-001606)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de cambiar o nivel de produción de emisións industriais contaminantes en Galicia e as súas previsións respecto do incremento do gravame do imposto de contaminación atmosférica, o impulso dun plan específico de diminución progresiva da contaminación nas grandes cidades e a posta en práctica das directrices da OMS para partículas

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Segundo un informe elaborado por Ramón Varela Díaz, doutor en Bioloxía e experto en contaminación atmosférica, informe que se fai en base aos datos do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes (PRTR-España), publicado o 15 de novembro de 2016, a contaminación causada pola gran industria medra de xeito importante.

Galiza pasa de ser a cuarta comunidade autónoma en emisións a ser a segunda.

CONTAMINANTE ATMOSFÉRICO	ANO 2012			ANO 2015		
	% Galiza-Estado en 2012	Posto Galiza en 2012	Complexos con datos declarados 2012	% Galiza-Estado en 2015	Posto Galiza en 2015	Complexos con datos declarados 2015
Dióxido de Carbono CO ₂	11,98 %	Cuarto	16	15,10%	SEGUNDO	14
Monóxido de Carbono CO	8,80%	Terceiro	4	8,45%	Terceiro	3
Dióxido de Xofre SO ₂	14,28%	Terceiro	17	19,19%	SEGUNDO	19
Oxidos de Nitróxeno NOx	6,88%	Sexto	18	12,60%	CUARTO	19
Partículas PM10	15,71%	Segundo	9	18,75%	TERCEIRO	10
Amoníaco NH ₃	6,74%	Quinto	79	4,57%	Sétimo	67
Cle compostos inorgánicos Cl	13,50%	Terceiro	4	22,05%	SEGUNDO	3
Compostos Orgánicos Volátiles non metano COVNM	9,35%	Terceiro	6	13,08%	Terceiro	8
Flúor F	20,75%	Terceiro	4	36,65%	PRIMEIRO	5
Mercurio Hg	13,99%	Cuarto	7	30,53%	PRIMEIRO	9
Metano CH ₄	4,80%	Sétimo	7	11,86%	TERCEIRO	8
Arsénico As	4,67%	Quinto	3	18,48%	TERCEIRO	4
Perfluorocarburos PFC	76,44%	Primeiro	2	80,50%	Primeiro	2
Todas as substancias contaminantes á atmosfera	11,96%	Cuarto		15,08%	SEGUNDO	



Galicia é responsable do 15,08% do total das emisións á atmosfera de España.

Ademais é a primeira en emisións de flúor, mercurio e perfluorocarburos. É a segunda en emitir dióxido de carbono, gases de efecto invernadoiro, dióxido de xofre, cloro e substancias acidificantes/precursoras de ozono. Tamén é a terceira comunidade por emitir á atmosfera partículas (PM10), monóxido de carbono, compostos orgánicos volátiles non metano (COVNM), metano, arsénico e cromo. Para rematar, ocupa o cuarto posto en emisións de óxidos de nitróxeno e metais pesados en conxunto.

É tamén preocupante que segundo os datos oficiais , os vertidos contaminantes á auga de Galicia significan o 10,46% do total do Estado con 84.814 toneladas/ano, ocupando con este valor o cuarto posto no conxunto das comunidades.

Ademais, Galicia é a primeira comunidade do Estado en verter compostos organoestannicos e carbono orgánico total (COT).

Varela Díaz califica de “sorprendente” que no Rexistro Estatal de Emisións Contaminantes, Galicia teña só o 4,45% do total dos complexos con información pública e que ao mesmo tempo “sexamos responsábeis das emisións do 80,5% dos perfluorocarburos; do 36,6% do flúor; do 30,5% de mercurio; do 22,0% do cloro; do 19,2% do dióxido de xofre; do 18,7% das partículas (PM10); do 15,1% do dióxido de carbono; do 12,6% dos óxidos de nitróxeno... por non citar os vertidos á auga de compostos organoestannicos (54,4%); zinc (16,4%); chumbo (15,3%); cloruros (10,1%); cobre (8,6%); compostos orgánicos haloxenados (5,9%)...”

Mentres o dióxido de carbono no 2015 representa o 15,1% do total do Estado, fai tan só tres anos representaba o 12%. En tres anos Galicia pasou do cuarto lugar no Estado ao segundo. Escollidos 32 contaminantes considerados como os máis



importantes, no ano 2015 21 tiñan valores superiores aos do ano 2010 e, aínda máis, 14 superaban os valores que tiñan no ano 2007 (ver táboa).

Neste estudo salientase que as centrais térmicas en Galicia emiten máis de 10 dos 14 millóns de Tm de CO₂.

Estes e moitos outros datos mostran unha especialización de Galiza na industria contaminante, xa que a proporción de contaminación sobre PIB ou poboación é moi elevada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Considera que a elevada produción de emisións contaminantes é unha realidade que é necesario cambiar?
- 2.ª) Pensa que as industrias, principalmente responsables destas emisións, están a asumir os custes ambientais que provocan?
- 3.ª) Ten pensado incrementar o gravame do Imposto de Contaminación Atmosférica?
- 4.ª) Ten pensado o Goberno galego promover un Plan específico de diminución progresiva da contaminación nas grandes industrias?
- 5.ª) Porá en práctica as Directrices da OMS para partículas (PM₁₀ e PM_{2,5}) xa que os niveis da lexislación actual son moi permisivos e duplican o recomendado?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 12:57
Nº Rexistro: 9281
Data envío: 18/05/2017 12:57:45.719



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 18/05/2017 12:56:01

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposición non de lei

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 13.07.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 9561(10/PNC-001000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego, no marco da Comisión de seguimento das obras de ampliación da ponte de Rande, do respecto das condicións laborais e salariais do persoal que está a traballar nelas

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 10:58
Nº Rexistro: 9561
Data envío: 29/05/2017 10:58:41.565

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás obras de ampliación da ponte de Rande.

1. A ampliación da ponte de Rande é unha obra de grande impacto económico e social, con consecuencias no tráfico e na afectación da contorna, especialmente nas parroquias de Trasmañó e Chapela (Redondela). A actuación afecta a un tramo de 5,9 kilómetros e inclúe o **desdoblamento da ponte**, pola que pasan unha media de 50.000 vehículos/día.

Adxudicada á UTE formada polas empresas Dragados e Puentes Infraestruturas, trátase dunha obra de iniciativa pública xa que se desenvolve en virtude dun convenio asinado no ano 2011 (ratificado e ampliado en 2012) entre o Ministerio de Fomento e AUDASA.

A obra conta cun orzamento de 143 millóns de euros e un prazo de execución de 23 meses. As obras comezaron en febreiro o anos 2015 e acumulan varios meses de retraso xa que a súa finalización estaba revista para xaneiro de 2017.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 10:58
Nº Rexistro: 9561
Data envío: 29/05/2017 10:58:41.565

2. Co obxecto de velar polo cumprimento das normas laborais e de seguridade constituíuse unha comisión de seguimento das obras, integrada polas organizacións sindicais, a inspección de traballo e as empresas contratistas. Despois de varias reunións infrutuosas, as organizacións sindicais decidiron abandonar esta comisión de seguimento o pasado mes de febreiro.

A razón deste abandono ten que ver coas condicións de traballo a que están sometidos os traballadores das empresas contratadas e das subcontratas, con xornadas que chegan ás 10 e 12 horas e salarios de 8 euros h.

Unha situación de explotación laboral que é posíbel pola desprotección que promoveron as sucesivas reformas laborais, e pola imposición da precariedade a os baixos salarios coa excusa da crise.

3. As condicións laborais e salariais a que se vén sometidos os traballadores supón unha fraude para as arcas públicas (facenda e seguridade social) e a perda de numerosos postos de traballo xa que por cada 2 traballadores con xornada de 12 h podería crearse un posto de traballo.

Para evitar estas interminábeis xornadas podería establecerse quendas de traballo, como xa se fixo na construción do hospital Álvaro Cunqueiro, o que permitiría aumentar o número de persoas contratadas, mellorar as condicións laborais e evitar riscos derivados da intensidade e das condicións extremas das obras.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 10:58
Nº Rexistro: 9561
Data envío: 29/05/2017 10:58:41.565

Polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a promover, no marco da comisión de seguimento sobre a AP 9, o respecto das condicións laborais e salariais do persoal que traballa nas obras de ampliación da Ponte de Rande.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2017 10:36:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 10:58
Nº Rexistro: 9561
Data envío: 29/05/2017 10:58:41.565

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2017 10:36:16

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2017 10:36:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2017 10:36:27

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2017 10:36:31

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2017 10:36:33